

**PREGO DE CLÁUSULAS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN, POLO PROCEDEMENTO ABERTO, DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE CALDEIRA DE PELLETS NO PAZO DE FEIRAS E CONGRESOS DE LUGO PROPIEDAD DA FUNDACIÓN DE FEIRAS E EXPOSICIÓN DE LUGO, ASÍ COMO OS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO MESMO A TRAVÉS DE TRAMITACIÓN ORDINARIA.**

---

**1.OBXETO DO CONTRATO:**

Trátase dunha única convocatoria para o contrato de suministro e instalación de **tres caldeiras de biomasa (pellets)** así como os seus elementos auxiliares para a súa instalación no **PAZO DE FEIRAS E CONGRESOS DE LUGO** de titularidade da FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIONS DE LUGO.

Esta instalación de xeración de calor mediante caldeiras de biomasa de condensación (pellets) para a súa instalación nas instalacións de calefacción no Pazo, substituirá e complementará o sistema actual de calefacción mediante varias caldeiras de gasóleo, instaladas en dúas salas de caldeiras.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de subministración, tal e como o establece o artigo 9 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

A instalación que se contrata deberá conter os seguintes requisitos técnicos mínimos:

- Instalación de xeración de calor mediante caldeiras de biomasa de baixa temperatura (pellets) para a súa utilización nas instalacións de calefacción no Pazo Feiral de Lugo. Actualmente dispón de calefacción mediante varias caldeiras de gasóleo en dúas salas de caldeiras do edificio situadas na planta baixa a ambos lados da edificación. Ambas constan de dúas salas anexas que dan carón ó exterior nas que se proxecta a instalación de silos téxtiles polo que se permite a ventilación ao exterior directamente e se poden cargar os mesmos de maneira cómoda.As caldeiras de pellets proxectadas van alimentar a calefacción do edificio para o seu uso permanente nas oficinas e uso esporádico na zona de eventos, de aí a substitución de tres caldeiras de gasóleo (dúas na sala de almacenamento 1 e unha na sala de almacenamento 2).
- Deberán realizarse as actuacións, obras e instalacións que permitan a legalización das instalacións realizadas e dos elementos instalados na Consellería de Industria da Xunta de Galicia. As instalacións térmicas actuais se atopan autorizadas pola Administración de Industria, e o que se debe legalizar no seu caso é a reforma das instalacións térmicas actuais, cumprindo expresamente o disposto no RITE e no CTE.
- A instalación proxectada componse de:  
Caldeiras

Elementos accesorios, incluíndo cheminea, vasos de expansión,...

Sistemas de almacenamento [ silos ]

Sistemas de alimentación

Inclúese a instalación de tódolos elementos que compoñen a instalación, incluíndo man de obra, montaxe e conexión dos elementos da instalación, para quedares esta totalmente executada, e funcionando. Tamén se inclúe a legalización da instalación ante a Administración Territorial de Industria.

- Será obxecto do contrato o desmontaxe e retirada das caldeiras a substituír, coa entrega á xestor autorizado dos elementos e materiais retirados, salvo que a propiedade indique outra cousa.
- As salas de caldeiras atópanse acondicionadas, pero inclúense as axudas de albanelería e obra civil precisas para a realización das instalacións proxectadas e a reforma das instalacións existentes, así como a realización de cerramentos para silos si se precisa regulamentariamente, incluíndo portas de acceso axeitadas.
- Os elementos principais das instalacións, coas unidades **características e prestacións MÍNIMAS que deben proporcionar os elementos instalados serán:**
- Caldeiras:
  - Caldeiras de pellets de baixa temperatura, de carga automática e limpeza automática do intercambiador.
  - Rendemento a potencia nominal: 96 %
  - Regulación automática de potencia con modulación dende, polo menos, o 35% da potencia nominal
  - Acendido e apagado automático
  - Dispositivo antirretorno de chama
  - Sistema de alimentación automático
  - Limpeza automática do queimador/cámara de combustión e do intercambiador
  - Recollida de cinza
  - Panel de control coa regulación automática integrada e visualización a distancia
  - Regulación automática da combustión
  - Clase 5
  - Intercambiador en aceiro inoxidable

Sen restrición na temperatura de retorno

\*A instalación proxectada require de 100 kW na sala de caldeiras 2 e de 200 kW na sala de caldeiras 1; fisicamente separadas e en diferentes puntos do recinto, polo que non se admite ningunha proposta que non proporcione as citadas potencias mediante caldeiras instaladas nas citadas salas.

\*Admitirase a solución de dúas caldeiras para 100 kW, e tres caldeiras para 200 kW, instaladas en cascada, coa potencia conxunta requirida en cada sala (100 kW nunha sala, 200 kW na outra sala) sempre que non se produzan problemas de funcionamento e que o espazo ocupado polas caldeiras propostas permita cumprir co especificado na normativa vixente.

- Sistema de almacenamento  
 Silos téxtiles de almacenamento de combustible no exterior das salas de caldeiras con alimentación independente para cada caldeira con estrutura metálica (aceiro galvanizado)  
 Boca de carga dende o exterior, mediante racor Storz, para enchido dende camión
- Sistema de alimentación de combustible ata a caldeira  
 Alimentación (mediante sinfín preferentemente) dende silos ata as caldeiras que se atopan en salas axuntas.
- Elementos auxiliares  
 Cheminea de aceiro inoxidable de dobre parede  
 Depósitos de expansión  
 Bombas de circulación  
 Valvulería (de dúas e tres vías)  
 Tubarías  
 Illamento segundo RITE  
 Instalación de ventilación das salas de caldeiras, se e precisa
- Instalacións auxiliares  
 Realización das instalacións eléctricas precisas para a conexión dos diferentes elementos da instalación, cumprindo do REBT-02.  
 Instalación de elementos e realización de instalacións de protección contra incendios de xeito que se cumpra o CTE DB-SI (Seguridade contra incendios) e o resto da normativa que lle sexa de aplicación.
- Sistemas de seguridade  
 Sistema de seguridade coas seguintes funcións mínimas:
  - Anti-incendios
  - Anti-retroceso de chama
  - Disipación de calor/refrixeración para evitar sobrequecamentos
  - Corte de aporte de combustible
- Combustible  
 O combustible a empregar será pellet clasificado como Pellet de madeira virxe e residuos de madeira sen tratar quimicamente, con baixos contidos en cinzas, nitróxeno e cloro, con certificado de calidade EN Plus A-1 ou equivalente:
  - O seu diámetro debe estar entre comprendido entre os 6 ( $\pm 1$ ) mm e los 8 ( $\pm 1$ ) mm
  - A súa lonxitude debe estar comprendida entre os 3,15 mm e os 40 mm, permitindo que un máximo do 1% dos pellets sexan mais longos, pero sen superar os 45 mm
  - Contido en finos (partículas inferiores a 3,15 mm) será inferior ao 1% do seu peso
  - Contido en cinza debe ser igual ou inferior ao 0,7% do seu peso en base seca para os pellets de maior calidade e igual ou inferior ao 3% para o resto de calidades
  - A súa humidade base seca será igual ou inferior ao 10% do seu peso
  - O seu poder calorífico neto debe estar comprendido entre os 16 e os 19 megaxulios por kilo

- A densidade debe ser maior ou igual a 600 Kg por metro cúbico.
- Posta en marcha  
Realización da posta en marcha das instalacións, equilibrado hidráulico das mesmas e programación dos diferentes elementos de regulación e control, e comprobación do correcto funcionamento das instalacións e dos seus elementos a tenor do previsto no RITE e a GUIA DO IDAE 009.
- Probas e inspeccións  
Realización das probas de funcionamento precisas para garantir o correcto funcionamento das instalacións e dos seus elementos auxiliares. Realización das probas e inspeccións regulamentarias, si se precisan
- Aforro enerxético  
As novas caldeiras de biomasa de condensación que se instalen nas salas de caldeiras do Pazo garantirán o aforro enerxético previsto no documento de Análisis Económico que se incorpora o Pliego de Condiciones Técnicas

## **2.PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN:**

A forma de adxudicación do contrato será o **negociado sen publicidade**, polo que a adxudicación recaerá no candidato xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e despois de negociar as condicións do contrato cun ou varios deles, de acordo co artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Non será necesario dar publicidade ao procedemento, xa que se asegurará a concorrencia de candidatos mediante a solicitude de ofertas polo menos a tres empresarios capacitados para a súa realización.

## **3.-IMPORTE DO CONTRATO:**

O importe do contrato a que se refire a presente licitación e de **SETENTA E UN MIL DOUSCENTOS SESENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS, SEN IVE.**

## **4.ACREDITACIÓN DA APTITUDE PARA CONTRATAR.**

Poderán presentar proposicións ao obxecto de licitación, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas en prohibicións para contratar e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

### **1. A capacidade de obrar do empresario acreditarase:**

a) A capacidade de obrar dos empresarios que foren persoas xurídicas, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, de ser o caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan

nacionais de estados membros da Unión Europea, mediante a súa inscrición no rexistro procedente, de acordo coa lexislación do estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

2. A proba por parte dos empresarios **da non concorrencia nalgunha das prohibicións para contratar do artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público**, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro poderá realizarse:

a) Mediante un testemuño xudicial ou unha certificación administrativa, segundo os casos; este poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, un notario público ou organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de empresas de estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do estado respectivo, poderá substituírse tamén por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

### **3. A solvencia do empresario:**

3.1 A. **A solvencia económica e financeira** do empresario poderá acreditarse dacordo co establecido no art 75 do TRLCSP:

Forma de presentación: A Documentación acreditativa presentarse firmada en todas as suas follas.

Medio Criterio: Declaración relativa do volumen de negocios, no ámbito de actividades correspondentes o obxecto do contrato, da empresa no curso dos últimos dous exercicios. Bastará que un dos dous últimos exercicios sexa igual ou superior ao orzamento da licitación multiplicado por dous

3.2. **A solvencia técnica** do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios previstos no art. 76 do TRLCSP. A Documentación acreditativa presentarse firmada en todas as suas follas.

Medio Criterio: a) Relación das obras executadas no curso dos dez últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e lugar de execución das obras e precisarase si se realizaron dacordo coas regras polas que se rixe a profesión e que se levaron normalmente a bon término; no seu caso, dichos certificados serán comunicados directamente o órgano de contratación por la autoridad competente. Para reputar solvente o licitador, deberá incluír certificados que acredite unha obra similar ó obxecto da presente contratación (instalación caldeiras de biomasa)

## **5. PRESENTACIÓN DE OFERTAS E DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA:**

As ofertas para cada un dos lotes que se licitan presentaranse no rexistro da Fundación Ferias e Exposicións de Lugo, sito no Pazo de Feiras e Congressos de Lugo, na Rúa dos Deportes, s.n, O Palomar, Lugo, en horario de 9,00 a 15,00 horas.

O prazo máximo para a súa presentación será o día **21 de xullo de 2016**. As ofertas poderán presentarse por correo, por telefax ou por medios electrónicos, informáticos ou telemático. Para a súa presentación por fax diríxense o fax: 982285205. Correo electrónico: [teresa.gandoy@pfclugo.com](mailto:teresa.gandoy@pfclugo.com) Cando as ofertas se envíen por correo, o empresario deberá xustificar

a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta o mesmo día mediante un télex, fax ou telegrama que consigne o título do obxecto do contrato e o nome do candidato. Non obstante se no momento de apertura das plicas non houberse chegado a documentación se terá por non presentada.

Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta . Tampouco poderá subscribir ningunha oferta en unión temporal con outros se xa o fixo individualmente para o mesmo lote, ou figurase en máis dunha unión temporal.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicional por parte do empresario das cláusulas do presente prego.

As ofertas para participar na negociación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo candidato e con indicación do domicilio para efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda **«Oferta para negociar a contratación da subministración e instalación de caldeiras de biomasa e instalacións dos seus elementos auxiliares no Pazo de Feiras e Congressos de Lugo»**.

A denominación dos sobres para cada un dos lotes será a seguinte:

-Sobre «A»: Documentación administrativa.

-Sobre «B»: Proposición económica e documentos para valoración.

Os documentos que se deben incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias verificadas, conforme á lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre incluíranse os seguintes documentos, así como unha relación numerada deles:

#### **SOBRE A: DOCUMENTACION ADMINISTRATIVA.**

- a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.
- b) Documentos que acrediten a representación: Os que asinen proposicións en nome doutra persoa presentarán unha copia notarial do poder de representación, cuxa suficiencia será verificada polo secretario da corporación. Se o licitador fose unha persoa xurídica, este poder deberá estar inscrito no Rexistro Mercantil cando sexa esixible legalmente. Do mesmo xeito, a persoa co poder verificado para os efectos de representación deberá achegar unha fotocopia compulsada administrativamente ou un testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.
- c) Unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha prohibición de contratar das recollidas no artigo 60 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro. Esta declaración incluírá a manifestación de estar ao día do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba ser presentada, antes da adxudicación, polo empresario a favor do cal se vaia efectuar esta.
- d) Os documentos que acrediten a clasificación da empresa, de ser o caso, ou xustifiquen os requisitos da súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
- e) Un enderezo de correo electrónico en que efectuar as notificacións.

#### **SOBRE «B» PROPOSICIÓN ECONOMICA**

- a) Oferta económica. Na oferta farase constar expresamente o precio total do contrato, consignándose a base impositiva o o IVE. Tamen na oferta farase

constar expresamente polo representante legal que:

**“Fago constar que coñezo o prego que serve de base para o contrato e que o acepto íntegramente e que me comprometo a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de \_\_\_\_\_ euros e euros correspondentes ao IVE”**

b) Documentos que permitan á mesa de contratación valorar as condicións da oferta segundo os aspectos de negociación.

## **6. ASPECTOS OBXECTO DE NEGOCIACIÓN COAS EMPRESAS:**

Para a valoración das ofertas e a determinación da máis vantaxosa atenderase a varios aspectos de negociación, establecidos na cláusula 7 do Pliego de Condicións Técnicas.

## **7. MESA DE CONTRATACIÓN :**

A mesa de contratación , en cumprimento do acordo adoptado ao efecto polo Padroado da Fundación de Feiras e Exposicións de Lugo na súa sesión ordinaria do 29 de xuño do 2016, estará formada do seguinte xeito:

- Presidente: O representante da Xerencia do Pazo
- Vocais: O encargado de mantemento do Pazo e un representante por cada unha das institucións que componen o Padroado da Fundación.
- Secretario: A Secretaria da Fundación Ferias e Exposicións de Lugo

Tamén asistirá como asesor a mesa de contratación o Arquitecto responsable das licencias municipais do Pazo.

## **8. APERTURA DAS OFERTAS PRESENTADAS:**

**O día 26 de xullo de 2016, as 12,00 horas**, constituirase a mesa de contratación, en acto público a celebrar na Sala de Xuntanzas do Pazo, e procederá a examinar e avaliar a documentación administrativa contida no sobre «A». Procederase despois á apertura e exame do sobre «B». Posteriormente, e xa en acto a porta pechada, se procederá á cualificación da documentación e admisión de proposicións a unha segunda rolda de negociacións, si se considerase conveniente, á vista das ofertas presentadas e aos efectos de proceder a mellorais, a desfacer posibles desempates ou aos efectos que considere oportunos a mesa de contratación. De ser o caso, a segunda rolda de negociacións celebrarse pola mesa de contratación individualmente con cada empresa que houberse pasado á mesma e por orde de menor a maior puntuación obtida, o día hábil seguinte ao do acto de primeira puntuación das ofertas, a partires das 10 horas, na Sala de Xuntanzas do Pazo, e mediante chamamento único, de xeito que a non asistencia a esta segunda rolda supón o desestimento dese licitador.

A mesa poderá conceder un prazo non superior a tres días para que os candidatos corrixan os defectos ou omisións emendables observados na documentación presentada.

O órgano de contratación requiriralle ao licitador cuxa oferta resultase a máis vantaxosa para que, dentro do prazo de cinco días hábiles contados dende o seguinte ao da notificación de tal circunstancia, para que presente a documentación xustificativa de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de ter constituido a garantía definitiva que sexa procedente.

## **9. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO:**

Despois de recibir a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato no prazo máximo dos tres días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá declararse deserta a licitación se existe algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios recollidos no prego.

A adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos ou licitadores e deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita aos excluídos ou aos descartados interpoñer un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular expresará os seguintes puntos:

- En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se rexeitou a súa candidatura.
- A respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén de xeito resumido, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.
- En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que se seleccionase a oferta deste con preferencia sobre as que presentaran os restantes licitadores cuxas ofertas foran admitidas.

## **10.FORMALIZACIÓN DO CONTRATO:**

A formalización do contrato farase no prazo dos quince días hábiles seguintes á data da notificación da adxudicación; o dito documento constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública e os correspondentes gastos correrán ao seu cargo.

## **11.GARANTÍAS :**

Provisional: Non se esixe.

**Definitiva:** O licitador que resulte adxudicatario do contrato deberá prestar unha garantía correspondente ao 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE. Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

- a) En efectivo.
- b) Mediante aval bancario, prestado na forma e condicións establecidas no TRLCAP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato. Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 100 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e transcorridos seis meses, ou o prazo de garantía ofertado polo adxudicatario e tido en conta para a súa adxudicación, desde a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á súa devolución ou cancelación unha vez depuradas as responsabilidades a que se retire o citado artigo 100.



## **12. DEREITOS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO:**

Ademais das obrigas derivadas do réxime xurídico do contrato que xurda con motivo da presente licitación, son obrigas específicas de cada un dos contratistas as seguintes:

–O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro).

– A Fundación ten a facultade de inspeccionar e de ser informada do proceso de fabricación ou elaboración dos produtos que teña que ser entregado como consecuencia do contrato e poderá ordenar ou realizar por si mesma análises, ensaios e probas dos materiais que se vaian empregar, establecer sistemas de control de calidade e ditar todas as disposicións que considere oportunas para o estricto cumprimento do convindo.

–O adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarras ou danos ocasionados nos bens antes da súa entrega á Fundación, salvo que esta incorrese en mora ao recibilos.

– Serán da conta do contratista os gastos e impostos da formalización do contrato, así como outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes, en forma e contía que estas sinalen.

## **13. PRAZO DE GARANTIA:**

**Establécese un prazo de garantía de dous anos**, ou do maior prazo ofertado polo adxudicatario e tido en conta para a súa adxudicación, contado desde a data de entrega dos bens; se durante este se acredita a existencia de vicios ou defectos na subministración, a Fundación terá dereito a reclamar a reposición dos que resulten inadecuados ou a reparación destes se fose suficiente.

Se a Fundación considerase, durante o prazo de garantía, que os bens non son aptos para o fin pretendido como consecuencia dos vicios ou defectos observados e imputables ao empresario, e sempre que exista a presunción de que a reposición ou reparación dos devanditos bens non serán bastantes para lograr aquel fin, poderá, antes de expirar o devandito prazo, rexeitar os bens deixándoos de conta do contratista e quedando exento da obriga de pagamento ou tendo dereito, segundo o caso, á recuperación do prezo satisfeito. Unha vez rematado o prazo de garantía sen que a Fundación formalizase algún dos reparos ou a denuncia a que se retiren os apartados anteriores, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón dos bens subministrados.

## **14. PRAZOS:**

O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo fixado para a realización do contrato.

En calquera caso o prazo de execución do contrato o que se retire a presente licitación rematará, sen posibilidade de prórroga alguna o día **22 de setembro de 2016**, agás que por parte do Agader se concedese unha ampliación no prazo de xustificación.

A Fundación aboará ao adxudicatario a instalación antes do día 30 de setembro o importe fixado no contrato, unha vez emitida a correspondente factura e asegurada a finalización dos traballos comprometidos polo xefe de mantemento do recinto e o Arquitecto da Fundación.

## **15.PENALIDADES:**

Cando o contratista, por causas imputables a el, incorrese en mora con respecto do cumprimento do prazo total, a Fundación optará pola exixencia de indemnización polos danos e perdas en que houbera podido incorrer se con elo se perdese a posibilidade de obter a subvención concedida a traveso do Agader.

As penalidades que puideran corresponder segundo a texislación vixente imporanse por acordo do órgano de contratación que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante a dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban ser aboadas ao contratista ou sobre a garantía que, se é o caso, estivese constituída, cando non se poidan deducir das devanditas certificacións.

Se como consecuencia das penalidades aplicables ao contratista se produxera a resolución do contrato, segundo os supostos fixados nos artigos 223 e 299 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, incautárase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e perdas orixinados á Administración, no que excedan o importe da garantía.

## **16. RESOLUCIÓN DO CONTRATO:**

A resolución do contrato producirase nos supostos que se indican neste prego e nos fixados nos artigos 223 e 299 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro e acordárase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista.

Cando o contrato se resolva por culpa do contratista, incautárase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e perdas orixinados á Fundación, no que excedan o importe da garantía.

## **17.RÉXIME XURIDICO DO CONTRATO:**

O órgano contratante non ten carácter de Administración Pública nembargantes a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexerense polo establecido neste prego e para o que non estea previsto nel, será de aplicación o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, o Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, en todo o que non se opoña ao Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e estea vixente tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009. Ademais, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, se non, as normas de dereito privado.

Faise constar expresamente que o presente expediente de contratación tense declarado de tramitación urxente aos efectos do previsto no artigo 144 do Real Decreto Legislativo 3/2011 dada a premura que o expediente do Igader impon para a súa execución e xustificación.